

MINISTERIO DE FOMENTO

13845 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 635/2006, do 26 de maio, sobre requisitos mínimos de seguraza nos túneles de estradas do Estado. («BOE» 181, do 31-7-2006.)*

Advertidos erros no Real decreto 635/2006, do 26 de maio, sobre requisitos mínimos de seguraza nos túneles de estradas do Estado, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 1 de xuño de 2006, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

Na páxina 1189, primeira columna, no artigo 4.2, parágrafo terceiro, onde di: «... só será aplicable aos túneles cuxa construción se inicie con posterioridade...», debe dicir: «... non será aplicable aos túneles cuxa construción se inicie con posterioridade...».

Na páxina 1189, primeira columna, no artigo 6.2, onde di: «Durante a fase de explotación, a Dirección Xeral de Estradas poderá designar unha empresa explotadora como xestor de cada túnel da rede de estradas do Estado...», debe dicir: «Durante a fase de explotación, a Dirección Xeral de Estradas como xestor dos túneles da rede de estradas poderá designar para cada túnel unha empresa explotadora...».

Na páxina 1196, primeira columna, punto 2.21.1.2.2, debe suprimirse a frase: «Sistemas de radiocomunicación para servizos de emerxencia».

Na páxina 1197, primeira columna, punto 2.21.2.1.1, onde di: «Mensaxaría de emerxencia por radio para usuarios», debe dicir: «Mensaxaría de emerxencia por canles de radio para usuarios (cando existan)».

Na páxina 1197, segunda columna, punto 2.21.2.3.1, onde di: «Túneles con IMD por carril superior a 2.000 veh/día», debe dicir: «Túneles con IMD por carril superior a 1.000 veh/día».

Na páxina 1198, primeira columna, punto 2.21.2.3.2, onde di: «Túneles con IMD por carril igual ou inferior a 2.000 veh/día», debe dicir: «Túneles con IMD por carril igual ou inferior a 1.000 veh/día».

Na páxina 1198, primeira columna, punto 3.2, onde di: «... Deberá haber plans de resposta a situacións de emerxencia para todos os túneles.», debe dicir: «...Deberá haber plans de resposta a situacións de emerxencia para todos os túneles que deban dispor de manual de explotación.».

Na páxina 1199, primeira columna, anexo II, punto 2.1, onde di: «O xestor do túnel reunirá a documentación que constitúe o manual de explotación de cada túnel e manteraa permanentemente actualizada...», debe dicir: «Para todos os túneles, excepto para aqueles de lonxitude inferior a 200 metros que non sexan urbanos, o xestor do túnel reunirá a documentación que constitúe o manual de explotación de cada túnel e manteraa permanentemente actualizada...».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

13846 *ORDE APA/2474/2006, do 27 de xullo, pola que se modifican determinados anexos do Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide aprobado polo Real decreto 208/2003, do 21 de febreiro. («BOE» 181, do 31-7-2006.)*

A Directiva 68/193/CEE do Consello, do 9 de abril de 1968, referente á comercialización dos materiais de multiplicación vexetativa da vide, encóntrase recollida dentro da normativa nacional no Real decreto 208/2003, do 21 de febreiro, polo

que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide.

Esta directiva foi reformada recentemente mediante a Directiva 2005/43/CE da Comisión, do 23 de xuño de 2005, pola que se modifican os seus anexos.

Procede, por tanto, incorporar a Directiva 2005/43/CE da Comisión, do 23 de xuño de 2005, antes citada, ao noso ordenamento xurídico de acordo co previsto na disposición derradeira segunda do Real decreto 208/2003, do 21 de febreiro, en que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto nese real decreto e, en especial, para modificar os anexos, cando resulte necesario ou en caso de modificación da normativa comunitaria.

Cómpre sinalar que, ao abeiro do artigo 4 da Directiva 68/193/CEE, do Consello, do 9 de abril de 1968, que lles permite aos Estados membros fixar para a súa produción propia condicións suplementarias ou máis rigorosas, mantéñense os requisitos existentes na normativa española que, en liña coa regulación comunitaria, facilitan e especifican os controis que se deben efectuar para obter unha planta de viveiro de calidade, ben que esta regulación se aplicará exclusivamente ás plantas de viveiro producidas en España. O material de multiplicación proveniente doutro país comunitario e que se comercialice en España non estará suxeito a ningunha restrición distinta das fixadas na directiva comunitaria.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación de determinados anexos do Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide, aprobado polo Real decreto 208/2003, do 21 de febreiro.

Os anexos I a VI do Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide aprobado polo Real decreto 208/2003, do 21 de febreiro, substitúense polos anexos I a VI, respectivamente, desta orde.

Disposición transitoria única. Clasificación de plantas de enxertía en caso de desabastecemento de material de multiplicación.

No caso de desabastecemento de material de multiplicación inicial de portaenxertos, os organismos oficiais responsables poderán admitir, até o 31 de xullo de 2010, que as plantas enxerto formadas por materiais de multiplicación iniciais enxertados en materiais de multiplicación de base se clasifiquen como materiais de multiplicación iniciais.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta orde ministerial entrará en vigor a partir do 1 de agosto de 2006.

Madrid, 27 de xullo de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Condicións referentes á produción

1. Orixe

O material de multiplicación que se utilice para a produción de bacelos ou plantas enxerto procederá de cepas nai que fosen inspeccionadas e aprobadas.

2. Condicións xerais

1. O cultivo posuirá identidade e pureza no que concirne á variedade e, se for o caso, ao clon.

2. As condicións de cultivo e o estado de desenvolvemento do cultivo permitirán un control suficiente da identi-

dade e da pureza varietais e, se for o caso, clonais do cultivo, así como do seu estado sanitario.

3. O solo ou, cando for o caso, o substrato de cultivo presentará garantías suficientes canto á ausencia de organismos nocivos ou os seus vectores, en particular dos nematodos que transmiten doenzas dos virus. As cepas nai e os viveiros instalaranse en condicións adecuadas co fin de evitar calquera risco de contaminación por organismos nocivos.

Para isto, os solos destinados á plantación, excepto se o seu contido de arxila é inferior ao 1%, deberán cumprir as seguintes condicións:

Non ter tido cultivos de viña ou cepas nai nos doce anos anteriores.

Non ter tido cultivos de viveiros de vide nos tres anos anteriores.

Os prazos anteriores redúcense a seis e un ano respectivamente se a parcela se desinfecta contra nematodos nocivos previamente.

As parcelas que se desinfecten poden utilizarse como viveiros de vide dous anos consecutivos.

Os substratos utilizados deberán ter desinfectado adecuadamente.

4. Os campos de cepas nai e os viveiros non se instalarán a menos tres metros de calquera viñado ou terreo que fose viñado e en calquera caso deberán manter en condicións de asegurar o seu illamento de organismos nocivos.

5. As cepas nai en cultivo hidropónico ou en testo estarán permanentemente etiquetadas para coñecer a variedade e o clon. No cultivo de plantas por multiplicación en verde, as variedades e clons estarán separadas por lotes, debendo cada lote estar identificado da mesma forma.

6. Sen prexuízo da inspección oficial prevista nos puntos 3, 4, 5 e 6, efectuarase ao menos unha inspección oficial no campo. En caso de controversias que se poidan resolver sen prexuízo para a calidade dos materiais de multiplicación, efectuaranse outras inspeccións no campo.

7. A presenza de organismos nocivos que reduzan o valor de utilización dos materiais de multiplicación e, en particular os citados no anexo III, só se tolerará até o límite máis baixo posible.

8. Tanto nos campos de cepas nai como nos viveiros o produtor procederá á eliminación de todas as plantas que non correspondan á variedade ou presenten síntomas das viroses citadas no anexo III, quedando prohibido o uso e comercialización da totalidade das plantas da parcela se non se realiza a depuración.

9. As cepas nai cualificaranse coa categoría do material de multiplicación que produzan.

3. *Cepas nai de material de multiplicación inicial*

1. As cepas nai de material de multiplicación inicial terán comprobado mediante inspección oficial:

a) Que proveñen directamente da planta cabeza de clon.

b) Que corresponden á variedade unha vez que se comprobe que os seus caracteres varietais coinciden cos descritos para a variedade no rexistro de variedades comerciais.

c) Que se encontran libres de organismos nocivos. No caso das viroses do anexo III, a inspección basearase nos resultados de análises fitosanitarias realizadas en todas as plantas por método de indexaxe biolóxica ou outro método equivalente recoñecido internacionalmente.

d) Que manteñen o seu estado sanitario. Para isto confirmaranse os resultados das análises antes citadas mediante os resultados de análises fitosanitarias a que se someterán todas as plantas cada cinco anos respecto dos organismos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III.

2. As plantas infectadas deberán eliminarse. Os motivos das faltas de plantas, xa sexan atribuíbles aos organismos nocivos citados anteriormente ou a outros factores,

deberán constar no expediente en que se archive a documentación relativa ás cepas nai.

3. As cepas nai iniciais deberán manter en condicións de asegurar o seu illamento de organismos nocivos, estarán illadas ao menos trinta metros de calquera viñado ou viveiro vitícola e estableceranse en leiras cultivadas directamente polo produtor.

4. A planta cabeza de clon e toda a súa descendencia clonal identificarase cun número ou código que servirá de referencia de orixe a todas as plantas de viveiro que proveñan del.

4. *Cepas nai de material de multiplicación base*

1. As cepas nai de material de multiplicación base terán comprobado mediante inspección oficial:

a) Que se constituíron directamente con material de multiplicación inicial.

b) Que corresponden á variedade.

c) Que se encontran libres de organismos nocivos. Respecto dos organismos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III, a inspección basearase nos resultados de análises fitosanitarias realizadas en todas as plantas.

d) Que manteñen o seu estado sanitario. Para isto confirmaranse os resultados das análises antes citadas mediante os resultados de análises fitosanitarias a que se someterán todas as plantas cada seis anos respecto dos organismos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III.

2. As plantas infectadas deberán eliminarse. Os motivos das faltas de plantas, xa sexan atribuíbles aos organismos nocivos citados anteriormente ou a outros factores, deberán constar no expediente en que se archive a documentación relativa ás cepas nai.

3. As cepas nai de base deberán manter en condicións de asegurar o seu illamento de organismos nocivos, estarán illadas ao menos trinta metros de calquera viñado ou viveiro vitícola e estableceranse en leiras cultivadas directamente polo produtor.

5. *Cepas nai de material de multiplicación certificado*

1. As cepas nai de material de multiplicación certificado terán comprobado mediante inspección oficial:

a) Que se constituíron directamente con material de multiplicación base.

b) Que corresponden á variedade.

c) Que se encontran libres de organismos nocivos. Respecto dos organismos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III, a inspección basearase nos resultados de análises fitosanitarias realizadas mediante mostraxe.

d) Que manteñen o seu estado sanitario. Para isto confirmaranse os resultados das análises antes citadas mediante os resultados de análises fitosanitarias realizadas mediante mostraxe cada dez anos respecto dos organismos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III.

2. As plantas infectadas deberán eliminarse. A proporción de faltas debidas aos organismos nocivos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III non poderá exceder o 5%. Os motivos das faltas de plantas, xa sexan atribuíbles aos organismos nocivos citados anteriormente ou a outros factores, deberán constar no expediente en que se archive a documentación relativa ás cepas nai.

3. As cepas nai de base deberán manter en condicións de asegurar o seu illamento de organismos nocivos, estarán illadas ao menos trinta metros de calquera viñado ou viveiro vitícola.

6. *Cepas nai de material de multiplicación estándar*

1. As cepas nai de material de multiplicación estándar terán comprobado a súa pureza varietal e o seu estado sanitario sobre os organismos nocivos do anexo III mediante unha inspección oficial periódica visual ou, se for o caso, con test de laboratorio.

2. As plantas infectadas non se poderán utilizar para a multiplicación. A proporción de faltas debidas aos organismos nocivos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III non poderá exceder o 10%. Os motivos das faltas de plantas, xa sexan atribuíbles aos organismos nocivos citados anteriormente ou a outros factores, deberán constar no expediente en que se archive a documentación relativa ás cepas nai.

7. Viveiros

Os viveiros estableceranse en condicións apropiadas para evitar contaminacións. Deberase ter comprobado que os viveiros están libres dos organismos nocivos GFLV, ArMV, GLRVI e GLRVIII do anexo III por medio dunha inspección oficial anual no campo, que se baseará en métodos visuais e, se for necesario, complatarse coas análises adecuadas ou unha segunda inspección sobre o campo.

ANEXO II

Condições referentes ao material de multiplicación

1. Pureza varietal: o material de multiplicación posuirá identidade e pureza no que concirne á variedade e, se é o caso, ao clon de acordo co cadro seguinte:

Categoría	% de Pureza
Inicial	100
Base	100
Certificado	100
Estándar	99

2. Pureza técnica: os materiais de multiplicación deberán ter unha pureza técnica mínima do 96 %.

Consideraranse como tecnicamente impuros:

a) Os materiais de multiplicación desecados na súa totalidade ou en parte, aínda que fosen somerxidos en auga após a súa desecación.

b) Os materiais de multiplicación estragados, tortos ou danados, en particular deteriorados polo sarabia ou as xeas, esmagados ou rotos.

c) Os materiais que non cumplan os requisitos establecidos máis adiante no punto 6.

3. Madurez: os sarmentos terán chegado a un grao suficiente de madurez da madeira. A proporción madeira-polpa será a normal para a variedade.

4. Sanidade: a presenza de organismos nocivos que reduzan o valor de uso dos materiais de multiplicación só se tolerará até o límite máis baixo posible.

Eliminaranse os materiais de multiplicación que presenten sinais ou síntomas claros atribuíbles a organismos nocivos para os cales non existan tratamentos eficaces.

5. Clasificación de plantas enxerto: as plantas enxerto procedentes dunha combinación portaenxerto-enxerto, ambos da mesma categoría, consideraranse desa categoría. As plantas de viveiro procedentes dunha combinación portaenxerto-enxerto de distinta categoría, consideraranse de acordo co compoñente de inferior categoría.

6. Calibración:

1. Estacas, estaquiñas e enxertos.

Diámetro: trátase do diámetro maior da sección. Esta norma non se aplica ás ramas herbáceas.

a) Estacas enxertables e enxertos:

aa) diámetro do extremo superior: 6,5 a 12 mm;

ab) diámetro máximo do extremo máis groso: 15 mm, salvo se se trata de enxertos destinados ao enxerto in situ.

b) Estaquiñas: diámetro mínimo do extremo superior: 3,5 mm.

2. Báculos.

A. Diámetro: o diámetro, medido na metade do entrenó, baixo o gomo superior e seguindo o eixe maior será

ao menos igual a 5 mm. Esta norma non é aplicable aos báculos derivados de materiais de multiplicación herbáceos.

B. Lonxitude: a lonxitude entre o punto inferior de inserción das raíces e a bifurcación do gomo superior será ao menos igual:

a) A 30 cm para os báculos destinados ao enxerto; non obstante, para os báculos destinados a Sicilia, a lonxitude exixida será 20 cm;

b) A 20 cm para os outros báculos.

Esta norma non é aplicable aos báculos derivados de materiais de multiplicación herbáceos.

C. Raíces: cada planta terá ao menos tres raíces ben desenvolvidas e repartidas convenientemente. Non obstante, a variedade 420 A poderá ter soamente dúas raíces ben desenvolvidas, sempre que sexan opostas.

D. Base: o corte deberase efectuar por baixo do diafragma, a unha distancia suficiente para non danalo pero a non máis dun centímetro.

3. Plantas enxerto.

A. Lonxitude: o talo terá ao menos 20 cm de lonxitude.

Esta norma non é aplicable ás plantas enxerto derivadas de materiais de multiplicación herbáceos.

B. Raíces: cada planta terá ao menos tres raíces ben desenvolvidas e repartidas convenientemente. Non obstante, a variedade 420 A poderá ter soamente dúas raíces ben desenvolvidas, sempre que sexan opostas.

C. Soldadura: Cada planta presentará unha soldadura adecuada, regular e segura.

D. Base: o corte efectuarase por baixo do diafragma, a unha distancia suficiente para non danalo pero a non máis dun centímetro.

4. Plantas cultivadas en recipientes, alvéolos ou bandexas.

Estas plantas deben presentar un sarmento ou un gomo ben desenvolvido e un sistema radicular equilibrado coa parte aérea.

ANEXO III

Organismos nocivos

1. Tratamento en cultivo: deberanse realizar os tratamentos fitosanitarios periódicos necesarios, principalmente para o control de nematodos, ácaros, insectos, cogomelos e bacterias.

2. Plantas de viveiro portadoras de pragas e doenzas: o material de multiplicación, así como as cepas nai, estarán libres das seguintes pragas ou doenzas:

Nematodos: «Xiphinema sp.»; «Longidorus sp.».

Ácaros: «Phyllocoptes vitis», «Panonychus ulmi» e «Eotetranychus carpini».

Cochinillas: «Pseudococcus citri» e «Quadraspidiotus perniciosus».

Podremias: «Armillariella mellea» e «Rosellinia necatrix».

Excorioses: «Phomose sp.».

Eutiopioses: «Eutipa armeniaca».

Isca: «Esterium sp.».

Bacteriose: «Xilophilus ampelinus, Agrobacterium spp.».

Admitirase a presenza de lixeiras infestacións das pragas e doenzas citadas, sempre que se realizasen os oportunos tratamentos.

3. Víroses:

a) o virus do entrenó curto infeccioso da vide (GFLV) e o virus do mosaico do Arabis (ArMV),

b) a doenza do enrolamento da viña: virus do enrolamento da viña I (GLRVI) e virus do enrolamento da viña III (GLRVIII), e

c) o virus do xaspeado da vide (GFkV) (soamente para os portaenxertos).

ANEXO IV**Acondicionamento***Composición dos feixes ou embalaxes*

1. Tipo	2. Número de unidades	3. Cantidade máxima
1. Plantas enxerto.	25, 50, 100 ou múltiplos de 100.	500
2. Báculos.	50, 100 ou múltiplos de 100.	500
3. Enxertos.		
– con ao menos cinco xemas utilizables.	100 ao 200.	200
– cunha xema utilizable.	500 ou múltiplos de 500.	5.000
4. Estacas.	100 ou múltiplos de 100.	1.000
5. Estaquiñas.	100 ou múltiplos de 100.	500

Condicións particulares:

I. Pequenas cantidades: se for necesario, o tamaño (número de unidades) das embalaxes e feixes de todos os tipos e categorías de materiais de multiplicación enumerados na columna 1, incluídos os materiais de multiplicación iniciais, poderán ser inferiores ás cantidades mínimas indicadas na columna 2.

II. Plantas de vide con raíces en calquera substrato, en testos, caixas e cartóns: non son aplicables o número de unidades nin a cantidade máxima.

III. Plantas embaladas en contedor: as plantas embaladas en contedores precintados poderán levar unha soa etiqueta por contedor pola cantidade total de plantas que conteña. A cantidade total será un múltiplo das fixadas para o tipo de material correspondente, salvo no caso das plantas en pot cuxo acondicionado non o permita.

ANEXO V**Etiquetaxe**1. *Indicacións obrigatorias*

A etiqueta oficial terá as seguintes informacións:

1. Norma CE.
2. País produtor: España.
3. Organismo responsable da certificación ou o control.
4. Nome e enderezo da persoa responsable da precintaxe ou o seu número de identificación.
5. Especie.
6. Tipo de material.
7. Categoría.
8. Variedade e, se for o caso, o clon. Para as plantas enxerto esta indicación é aplicable aos portaenxertos e aos enxertos.
9. Número de referencia do lote.
10. Cantidade.
11. Lonxitude (soamente para as estacas: refírese á lonxitude mínima das estacas do lote en cuestión).
12. Ano de produción.

2. *Condicións mínimas*

A etiqueta deberá cumprir os requisitos seguintes:

1. A etiqueta estará impresa de forma indeleble e será claramente lexible.
2. A etiqueta colocarse nun lugar destacado, de forma que resulte facilmente visible.
3. As indicacións establecidas no punto 1 non quedarán en ningún caso disimuladas, veladas ou separadas por outras indicacións ou imaxes.

4. As indicacións establecidas no punto 1 figurarán nun único campo visual.

5. A dimensión mínima da etiqueta será de 110 x 67 mm para os feixes de estacas, estaquiñas e enxertos e de 80 x 70 mm para os feixes de báculos e plantas enxerto.

3. *Excepción polo que respecta a pequenas cantidades destinadas ao usuario final*

1. Máis dunha unidade: as indicacións obrigatorias relativas á etiqueta consonte o punto 1.10, rezarán: «Número exacto de unidades por unidade de embalaxe ou feixe».

2. Soamente unha unidade: non serán obrigatorias as indicacións seguintes establecidas no punto 1:

- Tipo de material.
- Categoría.
- Número de referencia do lote.
- Cantidade.
- Lonxitude para as estacas enxertables.
- Ano de produción.

4. *Excepción con respecto ás vides en testos, caixas ou cartóns*

No caso das plantas de vide con raíces en calquera substrato, en testos, caixas e cartóns, sempre que estes materiais non se poidan axustar aos requisitos de precintaxe (incluída a etiquetaxe) debido á súa composición:

a) Os materiais de multiplicación manteranse en lotes separados que se identificarán adecuadamente atendendo á variedade e, se é o caso, ao clon, así como ao número de unidades.

b) A etiqueta oficial non será obrigatoria.

c) Os materiais de multiplicación irán acompañados polo documento de acompañamento ou albará previsto no artigo 18.

ANEXO VI**Albará**1. *Condicións que debe cumprir*

a) Realizaranse, como mínimo, dous exemplares do albará (para o expedidor e o destinatario).

b) O albará (exemplar para o destinatario) acompañará a entrega desde o lugar de expedición até o lugar de destino.

c) O albará recollerá todas as indicacións establecidas no punto 2 relativas a cada lote que compoña a entrega.

d) O albará conservarse durante un ano ao menos e porase ao dispor do organismo oficial responsable do control.

2. *Lista das indicacións que debe recoller*

1. Norma CE.
2. País produtor: España.
3. Organismo responsable da certificación ou o control.
4. Número de orde correlativo.
5. Expedidor (nome, n.º de rexistro, almacén de partida).
6. Destinatario (nome, almacén de destino).
7. Especie.
8. Tipo(s) de material.
9. Categoría(s).
10. Variedade(s) e, se for o caso, o clon ou os clons. Para as plantas enxerto esta indicación é aplicable aos portaenxertos e aos enxertos.
11. Número de lotes da entrega por tipo de material e por categoría (se for o caso).
12. Número total de lotes.
13. Data de entrega.
14. Declaración do produtor. O produtor declara que a mercadoría amparada polo presente albará cumpre con todos os requisitos exixidos pola lexislación vixente, facéndose responsable da veracidade dos datos consignados.